



**SEREI QUEN DE CREAR A MIÑA
PROPIA MÚSICA?:
MICROUNIDADES PARA A CREACIÓN
MUSICAL CO LINUX MULTI-MEDIA
STUDIO (LMMS)**

**CUESTIÓN DIDÁCTICAS:
AVALIACIÓN**

**NIVEL INICIAL
COÑECENDO A *INTERFACE* DO LMMS
(COÑECEMENTOS TEÓRICOS BÁSICOS)**

JORGE J. SUÁREZ NAVIA
-Xuño 2017-



ÍNDICE

1. PROPOSTA DE AVALIACIÓN PROCESUAL PARA CADA UN DOS APARTADOS DO NIVEL INICIAL

1.1. INSTALACIÓN DO PROGRAMA

1.2. CONFIGURACIÓN DO PROGRAMA

1.3. A ÁREA DE TRABALLO DO LMMS

2. PROPOSTA DE AVALIACIÓN FINAL LOGO DO TRABALLO REALIZADO NO NIVEL INICIAL



2.1. AUTOAVALIACIÓN DO ALUMNADO

2.2. COAVALIACIÓN DO ALUMNADO

2.3. HETEROAVALIACIÓN DO ALUMNADO

2.4. AUTOAVALIACIÓN e HETEROAVALIACIÓN DO/A PROFESOR/A

3. CUESTIONARIO DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO



1. PROPOSTA DE AVALIACIÓN PROCESUAL PARA CADA UN DOS APARTADOS DO NIVEL INICIAL

Xa que logo presentamos, para este Nivel Inicial, unha proposta metodolóxica específica para cada un dos tres epígrafes que traballamos no mesmo, agora procederemos do mesmo xeito realizando unha proposta avaliadora para cada un deles.

1.1. INSTALACIÓN DO PROGRAMA

Mediante a observación directa, comprobar que o alumnado instala correctamente o programa no ordenador indicado do centro educativo.

Mediante calquera tipo de soporte gráfico, demostrar que o/a alumno/a ten instalado o programa no seu equipamento persoal e na súa casa. Para iso, ademais de proba gráfica, pódese manter co/coa alumno/a unha pequena conversa na que comente os problemas observados, se foi ou non quen de realizar o previsto...

2. CONFIGURACIÓN DO PROGRAMA

Mediante a observación directa, comprobar que o/a alumno/a ten no ordenador da aula a configuración precisa para traballar e segundo o sistema operativo do que esteamos a falar.

Mediante unha pequena conversa individual co/coa alumno/a e guiándose no ordenador, tratar de ir valorando se coñece o lugar dende onde se pode modificar a configuración, se quen de valorar os elementos principais da mesma e proceder a indicar cal debe ser a configuración máis axeitada para o programa, en concreto, no referido á tarxeta de son.


Tamén o/a profesor/a podería ir propoñendo unha serie de supostos concretos na clase para que o alumnado propoña solucións. Sería algo así como: “Que tería que facer se...” e poderían darlle solución de xeito individual ou colectivo, ou tipo xogo-concurso vendo quen é o que da a resposta correcta antes.

3. A ÁREA DE TRABALLO DO LMMS

Pois ben, segundo como queiramos levar a cabo a nosa proposta metodolóxica, debéramos logo decantarnos por uns procedementos e instrumentos de avaliación ou por outros. Propoñemos o seguinte:

Mediante unha pequena conversa individual co/coa alumno/a e guiándose no ordenador, sexa quen de indicar como está organizada a área de traballo e onde se localizan os *links* para cada unha das xanelas emerxentes.

Poderíamos facer, nun determinado momento, unha pequena proba escrita de recoñecemento. Poderíamos darlle ó alumnado unha imaxe da interface coma esta



para que indicasen por escrito onde están cada unha das utilidades do programa, que implican cada unha das iconas... Sería facer unha proba escrita ó uso, de localización de elementos... mais consideramos que o nivel de esixencia debera derivar do tempo destinado ó seu coñecemento e, en todo caso, tendo claro que debera valernos para avanzar máis e mellor no programa pois, do contrario, podería ser motivo dun importante rexeitamento por parte do alumnado.

2. PROPOSTA DE AVALIACIÓN FINAL LOGO DO TRABALLO REALIZADO NO NIVEL INICIAL

Logo do traballo no Nivel Inicial de achegamento ó LMMS, propoñemos desta volta unha avaliación centrada no suxeito que a vai realizar, con especial relevancia da valoración de todas as persoas que interveñen no proceso educativo: alumno, compañeiros e profesorado.

2.1. AUTOAVALIACIÓN DO ALUMNADO

Como o proceso de adquisición dos coñecementos básicos deste primeiro nivel non deba dilatarse moito no tempo, propoñemos que, ó final do mesmo, cada alumno/a realice un cuestionario de autoavaliación.

As preguntas do mesmo ben poderían ser estas e as respostas serán positivas ou negativas, isto é, SI ou NON. Ó realizalo, cada alumno/a sumará as unhas e as outras e poderá estar en disposición de valorar (podería facer incluso un pequeno comentario escrito) en que momento do seu proceso de aprendizaxe se atopa.

O cuestionario para este primeiro nivel podería ser do tipo seguinte coa retroalimentación que se propón:

PREGUNTA	SI	NON
1. Son quen de instalar o programa nunha computadora?		
2. Respecto da configuración do programa:		
2.1. Sei en que lugar da interface podo atopar a xanela de configuración do programa?		
2.2. Coñezo cales son as xanelas de configuración?		
2.3. Son quen de poder explicar en que consiste cada unha delas?		
2.4. Coñezo os principais atrancos de configuración cos que me podo atopar?		
2.5. Son quen de solucionar os atrancos cos que me poida atopar?		
3. Respecto da área de traballo lo LMMS:		
3.1. Coñezo con que utilidades se corresponden as iconas da barra de ferramentas?		

3.2. Son quen de crear un proxecto novo e gardalo co nome correspondente? E de recuperar un proxecto xa creado? E de cambiarlle o nome?		
3.3. Sei cales son as utilidades que máis empregaremos da barra lateral?		
3.4. Sei para que empregamos o editor da canción?		
3.5. Podo explicar para que empregamos o editor de ritmos?		
3.6. Se quero modificar a velocidade e o compás da miña creación, sei a onde teño que ir?		
3.7. E se quero baixar o volume total da miña creación, son quen de facelo?		
TOTAIS DA SUMA DAS RESPOSTAS (suma das positivas e suma das negativas por separado)		
VALORACIÓNS DO/A ALUMNO/A:		

RETROALIMENTACIÓN		
de 0 a 4 respostas positivas	de 5 a 9 respostas positivas	de 10 a 13 respostas positivas
Situación preocupante a deste/a alumno/a. Posibles situacións: non ter prestado atención, non ter entendido nada, non ter aprendido nada. Precísase valoración individualizada do caso. Proponse entrevista individual co/coa alumno/a.	Posiblemente, a situación máis habitual. O/A alumno/a progresa dun xeito esperado e vai adquirindo os coñecementos precisos para o traballo co programa. Habería que valorar individualmente os casos máis cercanos á valoración 5	Posición óptima a do alumnado que se sitúe nesta franxa. De seguro que é alumnado motivado, interesado e, pola mesma, hai que continuar ofertándolle opcións para que mellore e manteña o nivel de motivación.

2.2. COAVALIACIÓN DO ALUMNADO

Sempre é moi interesante e mellora o proceso avaliador, que sexa o propio alumno quen valore tamén o traballo realizado polos compañeiros.

Non obstante, como esta primeira parte do proceso leva realmente a unha aprendizaxe individualizada da que non imos extraer produtos finais, entón consideramos que o mellor será desbotar esta opción neste momento para empregala nos niveis seguintes.

2.3. HETEROAVALIACIÓN DO ALUMNADO

Neste primeira parte propoñemos que o procedemento principal para a obtención da información sexa a observación directa do que sucede día a día na clase por parte do profesor. Para iso, poderá elaborar unha lista de cotexo ou unha escala estimativa segundo considere que lle axude a ser algo máis sistemático no manexo da información.

Dende o noso criterio, desbotaríamos calquera tipo de proba escrita que pretenda, de forma teórica, que o alumnado repita memorísticamente as ferramentas da aplicación, as utilidades... Pensamos que os nenos xa non aprenden deste xeito e que, ó fin e ó cabo, logo dunha práctica continuada e motivadora co programa chegarse a tal coñecemento. Iso si, non desbotamos que se poidan levar a cabo probas prácticas coa computadora diante e incluso cos apuntamentos que o alumnado vaia tomando e resolvendo as preguntas ou dúbidas que o profesor transmita ó alumnado.

2.4. AUTOAVALIACIÓN e HETEROAVALIACIÓN DO/A PROFESOR/A

Para o docente tamén propoñemos unha avaliación que aporte información e que trate de mellorar a posta en práctica da súa docencia.

Presentamos unha escala estimativa que ben poden cubrir sobre o seu traballo os docentes pero tamén recibir a valoración de cada alumno/a ou incluso realizada de forma grupal por estes:

VALORACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE		
Nome do profesor e Materia	Data	Bloque de contidos que se estiveron a traballar

0. Non cumpre	1. Deficiente	2. Regular	3. Ben	4. Moi ben	5. Excelente
---------------	---------------	------------	--------	------------	--------------

Nº do INDICADOR	INDICADORES PARA A VALORACIÓN DO PROFESORADO	1	2	3	4	5
1	Explica claramente dende o principio o traballo a realizar e os obxectivos propostos					
2	Fai as clases interesantes e amenas					
3	Organiza as clases de forma coherente e ordenada					
4	Amosa coñecemento da aplicación informática e dos contidos traballados					
5	O material empregado polo profesor resulta de utilidade para a aprendizaxe					
6	Emprega unha linguaxe axeitada ó nivel do alumnado					
7	Promove a participación activa de alumnos e alumnas					
8	É accesible e colaborador na clase e fora dela para resolver as dúbidas					
9	Resolve as dúbidas do alumnado empregando exemplos, resolucións prácticas...					
10	Cumpre co horario e fai un aproveitamento total do tempo da clase					
VALORACIÓN TOTAL		 puntos				

RETROALIMENTACIÓN			
de 1 a 15 puntos	de 16 a 30 puntos	De 31 a 40 puntos	de 41 a 50 puntos
Valoración baixa da práctica docente. Requírese un cambio inmediato por parte do profesor/a xa que é probable que estea a influír	Valoración algo baixa pero podería considerarse nunha liña ascendente (habida conta da temática deste bloque). O profesorado non	Moi ben. Estanse a cumprir as expectativas do alumnado e do/a propio/a profesor/a. Claramente, unha liña docente	Excelente. De seguro que profesorado e alumnado teñen conectado moi ben e estanse a xerar moi boa interacción, ideal

negativamente no seu alumnado	debe despistarse na súa labor, xa que ten moita marxe de mellora	positiva que ten que, cando menos, consolidarse	para crear aprendizaxes verdadeiramente significativos
-------------------------------	--	---	--

3. CUESTIONARIO DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO

Proponse, xa por último, unha pequena enquisa de valoración secreta para que o alumnado exprese o seu sentir sobre a marcha da clase, o traballo coa aplicación informática, que realice propostas de mellora...

Podería incluír preguntas do tipo que propoño máis adiante, sendo a súa posible resposta aberta. Por ese motivo non se propón retroalimentación, xa que debера ser o docente ou este co gran grupo, os que valoraran as opinións que se recollan nestas enquisas. Esa batería de preguntas podería ser:

1. Estás contento/a coa marcha da clase? Preferirías facer outras cousas?
2. Que opinas do espazo onde se desenvolve a clase? Que mellorarías?
3. Que pensas sobre a aplicación coa que estamos a traballar? Gústache? Veslle utilidade?
4. Sénteste cómodo/a co traballo que estamos a realizar?
5. Prefires traballar en pequeno grupo (ata un máximo de 3 persoas) ou prefires de forma individual?
6. Estás a ter moitas dificultades á hora de entender do que estamos a falar? Por que crees que estache a pasar iso?
7. Consideras importante poder crear música, a túa propia música?
8. Veste con forzas para continuar co traballo con esta aplicación?
9. Consideras que é preciso traballar tamén algo na casa con este programa ou que chega co que facemos na clase?
10. Veslle algún tipo de aplicabilidade na túa vida diaria a estas aprendizaxes? Cal/Cales?

CUESTIÓNES DIDÁCTICAS:

AVALIACIÓN DO TRABALLO CO NIVEL INICIAL DO LMMS

Jorge J. Suárez Navia

Xuño-2017